

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de maneira supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López

R. 0992

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DE LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.**

Por acordo da XGL de data 9 de abril de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 9 de abril de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0993